

EDUCACIÓN FÍSICA

Para o **alumnado de primaria**, é importante e necesario que mandedes algunha foto das tarefas que vaian realizando os vossos fillos ó seguinte correo electrónico, para que así poidan ser valoradas:

maria.teresa.rodriguez.vazquez@edu.xunta.gal

Para esta semana propóñovos varios retos para infantil e primaria. Podedes visualizalos nos seguintes enlaces:

RETO 1:

<https://www.youtube.com/watch?v=0wO4WG3wcHQ&feature=youtu.be>

Primaria: Para este reto deberedes ter 2 silla. O reto consiste en cambiar de silla sen poñer os pés no chan e sen sacar as mans de detrás da cabeza. Par entendolo mellor podedes ver o vídeo anterior.

Tede coidado con onde colocades as sillas. Procurade que non haxa ningún obxecto nin elementos cerca que vos poidan lastimar en caso de perder o equilibrio.

Infantil: para que sexa máis seguro, podedes substituir as sillas por dous círculos no chan, que non sexan moi grandes. Terán que cambiar de círculo pero sen pisar fóra del e sen quitar as mans de detrás da cabeza. Para complicarllo podedes facer os círculos cada vez máis pequenos.

RETO 2:

<https://www.youtube.com/watch?v=QT5UTXJI-UU>

Primaria: Para este último reto só precisamos vasos e bolígrafos. Colocaremos os vasos como se amosa no vídeo, e logo encima os bolígrafos. O reto consiste en pasar os bolígrafos duns vasos a outros usando para iso só un pé.

Infantil: podemos axustar o reto para os máis pequenos empregando algún obxecto máis alargado que un bolígrafo e que sexa plano, para así facilitar que o suxeiten co pé.

RETO 3:

https://www.youtube.com/watch?v=_XgwYy3n1Gg&feature=youtu.be&t=29

Primaria: Este reto consiste en realizar unha pequena coreografía onde necesitaredes a axudan dun compañeiro ou compañeira. Se non tedes con quen realízalo, sempre podedes facelo solos.